| CA1.3 - Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, xunto con estruturas básicas e de uso frecuente propias da lingua estranxeira. | Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, xunto con estruturas básicas e de uso frecuente propias da lingua estranxeira. | TI | 70 |
| CA1.6 - Planificar e participar en situacións interactivas sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital. | Planificar e participar en situacións interactivas sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns,  a través de diversos soportes, apoiándose en recursos como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal. | | |
| CA1.8 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas, de forma guiada, en situacións de comunicación nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores, e polas linguas empregadas, e interese por participar na solución de problemas de intercomprensión e entendemento na súa contorna próxima, apoiándose en diversos recursos e soportes. | Explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas, de forma guiada, atendendo á diversidade e amosando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores, e polas linguas empregadas, e interese por participar na solución de problemas de entendemento. | | |
| CA1.9 - Seleccionar e aplicar, de forma guiada, estratexias básicas que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación fluída, adecuados ás intencións comunicativas, as características contextuais e a tipoloxía textual, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento. | Seleccionar e aplicar, de forma guiada, estratexias básicas que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación fluída, con axuda, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento. | | |
| CA2.1 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre aspectos básicos do seu funcionamento. | Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre aspectos básicos do seu funcionamento. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.3 - Iniciarse, de maneira guiada, no rexistro e uso dos progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, recoñecendo os aspectos que axudan a mellorar e realizando actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe. | Iniciarse, de maneira guiada, no rexistro e uso dos progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando actividades de autoavaliación e coavaliación, a través dun diario de aprendizaxe. | | |
| CA3.1 - Actuar con aprecio e respecto en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, e mostrando rexeitamento ante calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais. | Actuar con aprecio e respecto, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, e mostrando rexeitamento ante calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo. | | |
| CA3.3 - Seleccionar e aplicar, de maneira guiada, estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística. | Seleccionar e aplicar, de maneira guiada, estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Estratexias para a adquisición e afianzamento da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.<br>- Técnicas de aprendizaxe.<br>- O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora.<br>- Estratexias básicas para a comprensión, a planificación e a produción de textos orais; escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.<br>- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; describir rutinas; dar indicacións e instrucións; expresar a pertenza e a cantidade.<br>- Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos, de uso común, na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: recoñecemento das características e do contexto, organización e estrutura interna, segundo o xénero, a función textual, o destinatario e a finalidade.<br>- Unidades lingüísticas básicas e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, o espazo e as relacións espaciais; o tempo, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas elementais.<br>- Léxico relativo á identificación persoal, relacións persoais próximas, lugares e contornos de interese para o alumnado, vida cotiá, lecer e tempo libre.<br>- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.<br>- Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos).<br>- Convencións e estratexias de conversación básicas de uso común, sexan presenciais e simultáneas, ou a través doutros medios para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar indicacións, aclaracións e explicacións adaptadas ao seu nivel, colaborar, comparar e contrastar.<br>- Recursos para a aprendizaxe e estratexias de procura guiada de información en medios analóxicos e dixitais.<br>- Léxico e expresións básicos e frecuentes de uso común relacionados coa metalinguaxe para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe. |

| Contidos |
|---|
| - Propiedade intelectual das fontes consultadas e contidos utilizados; identificación de dereitos de autoría.<br>- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal, así como plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) ¿para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.<br>- Destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas.<br>- Estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información, e a comunicación fluída.<br>- Recursos e apoios físicos e dixitais que permitan exercer a mediación lingüística dun xeito básico.<br>- Estratexias e técnicas de compensación das carencias comunicativas para responder eficazmente a unha necesidade concreta, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.<br>- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas.<br>- Comunicación e relación con persoas doutros países, a través da lingua estranxeira: acceso a nova información, culturas e modos de vida diferentes.<br>- Patróns culturais básicos de uso frecuente transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira.<br>- Estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 6 | Incredible Inventions | 17 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.2 - Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, estratexias e coñecementos adecuados en situacións comunicativas cotiás e de relevancia para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos diversos. | Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, estratexias e coñecementos adecuados en situacións comunicativas cotiás para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos diversos. | PE | 50 |
| CA1.4 - Organizar e redactar textos breves e sinxelos, previamente preparados, con adecuación á situación comunicativa proposta, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, e usando estruturas e léxico básicos de uso común sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia persoal para o alumnado e próximos á súa experiencia. | Organizar e redactar textos breves e sinxelos, previamente preparados, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, e usando estruturas e léxico básicos de uso común sobre asuntos cotiáns e próximos á súa experiencia. | | |
| CA1.5 - Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, coñecementos e estratexias para preparar e producir textos breves, sinxelos e útiles adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando con axuda recursos físicos ou dixitais en función da tarefa e das necesidades de cada momento. | Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, coñecementos e estratexias para preparar e producir textos breves e sinxelos, usando con axuda recursos físicos ou dixitais en función da tarefa e das necesidades de cada momento. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.9 - Seleccionar e aplicar, de forma guiada, estratexias básicas que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación fluída, adecuados ás intencións comunicativas, as características contextuais e a tipoloxía textual, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento. | Seleccionar e aplicar, de forma guiada, estratexias básicas que faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación fluída, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento. | | |
| CA1.3 - Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, xunto con estruturas básicas e de uso frecuente propias da lingua estranxeira. | Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, xunto con estruturas básicas e de uso frecuente propias da lingua estranxeira. | TI | 50 |
| CA1.6 - Planificar e participar en situacións interactivas sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital. | Planificar e participar en situacións interactivas sinxelas de intercambios de información sobre temas cotiáns, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos como a repetición ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística. | | |
| CA2.2 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais. | Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes. | | |
| CA2.3 - Iniciarse, de maneira guiada, no rexistro e uso dos progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, recoñecendo os aspectos que axudan a mellorar e realizando actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe. | Iniciarse, de maneira guiada, no rexistro e uso dos progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando actividades de autoavaliación e coavaliación, a través dun diario de aprendizaxe. | | |
| CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos básicos que fomenten a sustentabilidade e a democracia. | Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Técnicas de aprendizaxe.<br>- O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora.<br>- Estratexias básicas para a comprensión, a planificación e a produción de textos orais; escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.<br>- Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos, de uso común, na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: recoñecemento das características |

| Contidos |
|---|
| - e do contexto, organización e estrutura interna, segundo o xénero, a función textual, o destinatario e a finalidade.<br>- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.<br>- Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos).<br>- Recursos para a aprendizaxe e estratexias de procura guiada de información en medios analóxicos e dixitais.<br>- Propiedade intelectual das fontes consultadas e contidos utilizados; identificación de dereitos de autoría.<br>- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal, así como plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) ¿para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.<br>- Destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas.<br>- Estratexias básicas de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.<br>- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas.<br>- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos e habituais relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais, convencións sociais básicas de uso común, linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital propias de países onde se fala a lingua estranxeira.<br>- Participación en intercambios comunicativos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, a través de diferentes medios. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 7 | Going around the world! | 9 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.4 - Organizar e redactar textos breves e sinxelos, previamente preparados, con adecuación á situación comunicativa proposta, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, e usando estruturas e léxico básicos de uso común sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia persoal para o alumnado e próximos á súa experiencia. | Organizar e redactar textos breves e sinxelos, previamente preparados, usando estruturas e léxico básicos. | PE | 10 |
| CA1.2 - Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, estratexias e coñecementos adecuados en situacións comunicativas cotiás e de relevancia para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos diversos. | Seleccionar e aplicar, de forma guiada, estratexias para captar o sentido global en textos diversos. | TI | 90 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.6 - Planificar e participar en situacións interactivas sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital. | Planificar e participar en situacións interactivas sinxelas de intercambios breves de información apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal. | | |
| CA2.1 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre aspectos básicos do seu funcionamento. | Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas. | | |
| CA2.3 - Iniciarse, de maneira guiada, no rexistro e uso dos progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, recoñecendo os aspectos que axudan a mellorar e realizando actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe. | Iniciarse, de maneira guiada, no rexistro dos progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira. | | |
| CA3.1 - Actuar con aprecio e respecto en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, e mostrando rexeitamento ante calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais. | Actuar con aprecio e respecto en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas. | | |
| CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos básicos que fomenten a sustentabilidade e a democracia. | Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal. | | |
| CA3.3 - Seleccionar e aplicar, de maneira guiada, estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística. | Seleccionar e aplicar, de maneira guiada, estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Técnicas de aprendizaxe.<br>- O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora.<br>- Estratexias básicas para a comprensión, a planificación e a produción de textos orais; escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.<br>- Léxico e expresións básicos e frecuentes de uso común relacionados coa metalinguaxe para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe.<br>- Estratexias básicas de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.<br>- Comparación elemental entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos. |

| Contidos |
|---|
| - Comunicación e relación con persoas doutros países, a través da lingua estranxeira: acceso a nova información, culturas e modos de vida diferentes.<br>- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos e habituais relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais, convencións sociais básicas de uso común, linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital propias de países onde se fala a lingua estranxeira.<br>- Estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.<br>- Patróns culturais básicos de uso frecuente transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira. |

## 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía a seguir no ensino da lingua estranxeira pretende espertar nos alumnos e alumnas o pracer pola aprendizaxe e a comunicación noutras linguas e dotalos/as así dun conxunto de competencias básicas que lles axudarán ao longo dos seus estudos. Por iso é fundamental empregar un enfoque comunicativo, integrador e globalizado na aula, xa que permitirá achegar ao alumnado a situacións contextualizadas, conectadas coas súas experiencias e coñecementos previos e favorecendo todo tipo de aprendizaxes ( visual, verbal, auditivo, táctil, musical...)
As actividades propostas serán variadas (observación, comprensión, expresión, creación, investigación...),adaptadas aos diferentes ritmos de aprendizaxe dos cativos e cativas e terán un importante compoñente lúdico (cancións, contos, dramatizacións, xogos...)
O método responde á necesidade dunha aprendizaxe integrada de contidos e linguaxe, o que se coñece como CLIL( content and language integrated learning). Xa que aprender inglés non se limita a aprender un conxunto de palabras senón tamén os conceptos que hai detrás delas.
Considerando que a comunicación oral é un obxectivo prioritario na educación primaria e tomando como referencia a teoría denominada Immersion (que propón que o alumnado debe estar nun contexto exclusivo de fala inglesa), a lingua inglesa usarase na aula tanto como sexa posible para que os cativos e cativas acaden confianza e seguridade á hora de empregala tanto para dirixirse ao profesor/a coma ao resto de compañeiros e compañeiras. Deste xeito axudaremos ao alumnado a comprender e usar a lingua inglesa maximizando a súa exposición á mesma.
A corrección nas producións orais só se fará cando dificulten a comprensión e estimularemos ao alumnado con reforzos positivos, valorando e facendo explícitos os seus éxitos.
Os sistemas de agrupamento incluirán actividades tanto individuais coma en pequeno ou gran grupo.Fomentaremos que as interaccións que se establezan durante a realización de diferentes xogos e actividades sexan na nova lingua, o que suporá un valioso instrumento para a adquisición da competencia plurilingüe.
Finalmente sinalar que se levarán a cabo talleres de conversa semanais e desdobramentos trimestrais na materia de inglés, xa que consideramos que son de gran axuda para atallar algunhas das principais dificultades detectadas no alumnado a nivel oral, xa que permiten:
- desenvolver a atención á diversidade dun xeito máis efectivo.
- acadar clases máis participativas.
- fomentar unha aprendizaxe máis práctica da lingua estranxeira coa evidente mellora nas destrezas orais (comprensión e expresión ) do alumnado.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Student¿s book : Go Far 5, da Editorial Richmond |
| Activity book : Go Far 5, da Editorial Richmond |
| Notebook ou caderno escolar |

| |
|---|
| Dicionarios bilingües |
| Libros de lectura e revistas |
| Páxinas web e plataformas dixitais |
| Libro dixital e en papel do profesor (Teacher¿s book) |
| Biblioteca( de aula e centro) |
| Familias do alumnado |
| Saídas e visitas ao teatro, cine, exposicións, museos... |

O libro do alumno/a (Student´s book) contén 1 Unidade de Benvida e 6 Unidades que inclúen á súa vez 6 leccións nas que se traballa de xeito integrado :vocabulario, gramática, comprensión de historias, expresión escrita, habilidades para a vida ( Life Skills), aprendizaxes relacionadas coa cultura e a vida en países de fala inglesa a través dun blog, propostas de proxectos e traballos en grupo, para rematar cunha Unidade de Repaso.
Contamos coa versión tanto en papel como dixital, o que nos permite o acceso tanto a audios como a vídeos ou actividade e xogos interactivos.
O activity book presenta actividades que serven de práctica e repaso dos contidos traballados no Student´s e inclúe ademais unha sección con actividades de comprensión lectora e reforzo de contidos gramaticais e vocabulario.
O caderno escolar é unha ferramenta esencial do alumnado xa que nela anotan vocabulario e realizan actividades escritas.
Contamos con dicionarios bilingües ( en papel e dixital) nos que poden consultar tanto significados como o Spelling de palabras novas.
O libro do profesor/a inclúe tódalas propostas do libro do alumno/a así como unha gran variedade de actividades de ampliación e reforzo xunto con recursos fotocopiables.
A Biblioteca de Centro actúa como espazo fundamental no fomento da lectura, difusión de cultura, investigación e busca de información para a realización de diferentes proxectos e conmemoracións.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Dado o carácter formativo e continuo da avaliación, esta debe extenderse ao longo de todo o proceso de ensino-aprendizaxe. O primeiro momento clave da mesma e o da avaliación inicial, que ten en conta o punto de partida do alumnado e valora os seus coñecementos previos, para deste xeito facilitar a planificación das aprendizaxes a desenvolver para o logro das competencias básicas.
Por iso ao comezo de curso levarase a cabo a avaliación inicial ou de diagnose para coñecer o nivel competencial do alumnado en relación á pronunciación, comprensión oral, fluidez na expresión verbal e vocabulario.
Os instrumentos que se utilizarán para a avaliación inicial serán os seguintes:
- Unha ficha de rexistro da información obtida a través da observación directa do desenvolvemento do alumno/a na aula.
-Análise da comprensión e das producións dos alumnos/as:
Textos escritos.
Producións orais.
Comprensión de instrucións.
Resolución das actividades.
Interaccións en pequeno grupo.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **10** | **15** | **10** | **15** | **10** | **15** | **25** | **100** |
| **Proba escrita** | 30 | 10 | 40 | 40 | 30 | 50 | 10 | **28** |
| **Táboa de indicadores** | 70 | 90 | 60 | 60 | 70 | 50 | 90 | **72** |

**Criterios de cualificación:**

Os criterios de cualificación quedan establecidos do seguinte xeito:
-Probas de avaliación : orais, escritas e traballos. 35%
-Traballo diario individual e cooperativo . tarefas, cadernos, fichas e exercicios. 35%
- Actitude: respecto polas normas de aula e centro, esforzo, interese e participación.30%

**Criterios de recuperación:**

De acordo co artigo 29 da Lei Orgánica 3/2022,de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como a orde de 25 de xaneiro de 2022, a avaliación durante a etapa de Educación Primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe. Feito polo cal, aprobando avaliacións posteriores recupéranse avaliacións anteriores, de ser o caso.
Por outra banda, se nalgún momento se obtén unha calificación negativa, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno ou alumna en concreto, como medida ordinaria de atención á diversidade.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Como xa describimos na introdución, o grupo de 5º conta con 23 alumnxs, entre dito alumnado hai nenos/as con necesidades de apoio educativo e un dos alumnos ten unha ACI na materia de Lingua Estranxeira.
Entre as medidas que levaremos a cabo para mellorar aqueles aspectos que lles resultan máis complexos nas súas aprendizaxes están :
- Unha maior flexibilización do tempo
- A realización de actividades a partir de fichas complementarias e proxectos
- O emprego de material interactivo
- Actividades lúdicas
- A presenza dun profesor/a de apoio na aula

Ademais, segundo establece a Orde do 8 de setembro do 2021 cubrirase o Anexo I, que fai referencia ao Informe individual final de curso sobre medidas de R.E.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.1 - Habilidades para a vida: perseverancia e autoestima. | X | | | | | | |
| ET.2 - Habilidades para a vida: a amizade e a cooperación. | | X | | | | | |
| ET.3 - Proxecto trimestral . pensamento crítico e creatividade. | X | X | | | | | |
| ET.4 - Habilidades para a vida : gusto pola lectura e a literatura e respecto polos dereitos de autoría. | | | X | | | | |
| ET.5 - Habilidades para a vida: alfabetización dixital e uso seguro das tecnoloxías e respecto e coidado do medio natural. | | | | X | | | X |
| ET.6 - Proxecto trimestral: responsabilidade, curiosidade e organización. | | | X | X | | | |
| ET.7 - Habilidades para a vida: autonomía e confianza nun mesmo/a | | | | | X | | X |
| ET.8 - Habilidades para a vida : cidadanía responsable | | | | | | X | |
| ET.9 - Proxecto trimestral: hábitos saudables | | | | | X | X | |
| ET.10 - Respecto polas diferentes culturas | X | X | X | X | X | X | X |

**Observacións:**

Tanto nas diferentes UD coma nos Proxectos trimestrais trabállanse elementos transversais fundamentais para o desenvolvemento persoal do alumnado como son:
- a perseverancia e a autoestima. Preténdese que identifiquen e recoñezan os seus propios sentimentos e emocións e así ser quen de desenvolver valores e hábitos positivos que tamén melloren a relación cos compañeiros/as na aula.
- a amizade e a colaboración, estreitamente ligados coas habilidades sociais e a cidadanía responsable.
- o pensamento crítico e a creatividade. A través do traballo en grupo, do intercambio de ideas, da investigación usando as novas tecnoloxías e da elaboración dun produto final que será presentado na aula, o traballo dos proxectos trimestrais de cada grupo será valorado tanto por eles e elas mesmas como polo resto de compañeiros e compañeiras.
- a valoración das obras literarias/cinematográficas como parte fundamental das expresións artísticas e culturais así como a importancia de compartir experiencias lectoras, identificando e evitando os estereotipos e a linguaxe discriminatoria.
- o uso seguro das novas tecnoloxías, respectando as fontes e contrastando a información.
- a necesidade de coidar a contorna e actuar para protexer o medio ambiente e as especies que nel habitan, axudando así á sustentabilidade do planeta.
- a responsabilidade e a organización á hora de traballar en grupo e a curiosidade como motor das aprendizaxes.
- a erradicación de todo tipo de violencia ou desigualdade e a resolución pacífica dos conflictos.
- a construción de sociedades máis equitativas e democráticas baseadas no respecto polas diferentes culturas, valorando a interculturalidade como un elemento enriquecedor persoal e socialmente.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Halloween | A celebración de Halloween permitiranos investigar sobre a orixe da mesma, preparar un xogo de trivial con preguntas e respostas así como ampliar vocabulario . | X | | |
| Autumn Feast | Con motivo da celebración do Magosto ( Autumn Feast) prepararemos varios pósters que informen sobre o mesmo ao resto da comunidade educativa. | X | | |
| Christmas | O Festival de Nadal que se organiza no Centro con motivo desta celebración inclúe cancións e colaboracións nas obras en lingua inglesa. | X | | |
| Easter | Nesta data organizamos actividades nas que decoramos ovos de Pascua e traballamos receitas típicas. | | X | |
| World Book Day | Con motivo desta data traballamos diferentes obras literarias, facemos lecturas conxuntas na aula e na biblioteca de Centro e recomendacións lectoras. | | | X |
| Obradoiros e Semana Cultural | Nos que se traballan aspectos relacionados coa interculturalidade, as emocións, o respecto... | | | X |
| Saídas culturais | Visitas a bibliotecas,exposicións, museos... | X | X | X |
| Asistencia a obras de teatro, contacontos, proxeccións... | Propostas de diferentes entidades e compañías teatrais. | X | X | |
| Saídas pola contorna | Observación e investigación de elementos naturais e urbanos, o coidado da hora escolar... | X | X | X |

**Observacións:**

As actividades complementarias ademais de ser unha oportunidade de aprendizaxe, fomentan a construcción de vínculos entre as diferentes linguas e culturas, aspecto estreitamente relacionado co tema do Proxecto de Centro: a Interculturalidade. O alumnado amosa unha gran motivación, implicación e interese polas mesmas. Tamén contamos coa colaboración das familias tanto á hora de organizalas como de desenvolvelas.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Fago demasiados controis. |
| Metodoloxía empregada |
| Entendo ao meu profesor/a cando explica. |
| As explicacións parécenme interesantes. |
| As explicacións parécenme amenas. |
| O profesor/a explica só do libro. |
| Realizamos tarefas en grupo. |
| As preguntas sobre as actividades correspóndense coas explicacións. |
| O profesor/a pregunta só do libro. |
| O que me preguntan explicouse na clase. |
| Os controis sírvenme para comprobar o que aprendín. |
| Participo da súa corrección. |
| Os controis compróbanse logo na clase. |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| Emprega outros recursos ademais do libro. |
| Utilizamos espazos diferentes á aula. |
| En ocasións teño que consultar outras fontes de información. |
| Medidas de atención á diversidade |
| As preguntas son claras. |
| As actividades corríxense na clase. |
| As preguntas dos controis están claras. |
| Teño tempo suficiente para contestar as preguntas. |

| Clima de traballo na aula |
|---|
| Pregunto o que non entendo. |
| As actividades, en xeral, son atractivas e participativas. |
| Valórase o meu comportamento na clase. |
| Tense en conta o meu traballo diario na clase. |
| Creo que, en xeral, a valoración do meu traballo é xusta. |
| Nesta clase hai un bo ambiente para aprender. |
| Gústame participar nas actividades de grupo. |
| Lévome ben cos meus compañeiros/as. |
| Nesta clase síntome rexeitado/a. |
| O trato entre nós é respectuoso. |
| Síntome respectado/a polo profesor/a. |
| Os conflitos resolvémolos entre todos/as. |
| En xeral, síntome a gusto na clase. |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| Mándanme demasiadas actividades. |

**Descrición:**

Tal e como recolle a normativa vixente o profesorado debe avaliar tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa práctica docente. Os indicadores de logro descritos anteriormente fan referencia á avaliación da práctica docente por parte do alumnado en relación a aspectos coma o traballo diario na aula, a avaliación, o ambiente de aprendizaxe no grupo, ou as interaccións entre o alumnado e o profesorado.
En canto á autoavaliación docente inclúense os seguintes indicadores de logro:
- establezo relacións entre os coñecementos previos e os novos, relacionando os contidos con situacións de aprendizaxe competencial e significativo.
- os obxectivos, contidos e estándares de aprendizaxe son axeitados ás características do grupo-clase.
- os estándares de aprendizaxe permítenme valorar o grao de aprendizaxe acadado.
- uso os criterios de cualificación acordados.
- informo de xeito claro e motivo ao alumnado, comunicándolle os obxectivos a conseguir.
- os contidos traballados cumplen os principios de globalidade.
- as unidades didácticas ríxense por unha temporalización flexible.
- a metodoloxía empregada axústase ás necesidades e intereses do alumnado.
- a metodoloxía é axeitada para acadar as aprendizaxes propostas.
- fomento o diálogo, a participación e a empatía na aula así como o uso do reforzo positivo
- a organización grupal favorece o desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe.
- emprego recursos diversos e adaptados ás necesidades e intereses do alumnado.
- a organización permite a atención individualizada.
- o desenvolvemento das tarefas favorece a autonomía do alumnado.
- resolvo as dúbidas e reforzo as aprendizaxes cando é preciso.
- reflexiono, avalío e adapto a miña práctica docente e as tarefas.
- utilizo ferramentas de avaliación variadas e adaptadas a diferentes situacións de aprendizaxe.
- implico ao alumnado nas tarefas de aprendizaxe, favorecendo a súa participación activa.

- incorporo e uso habitualmente ferramentas dixitais.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación é unha parte fundamental do proceso de ensino-aprendizaxe que permite valorar o grao de adquisición dos obxectivos de nivel e de etapa, e o grao de desenvolvemento das competencias clave. Os resultados de avaliar cada unidade didáctica proporcionan información esencial para a toma de decisións co fin de modificar, de ser o caso, aqueles aspectos do proceso de ensino e aprendizaxe que son susceptibles de mellora (metodoloxía, recursos, tarefas...) e de detectar as dificultades de aprendizaxe, coa consecuente posta en marcha de mecanismos para palialas, sempre coa finalidade de que o alumnado acade os obxectivos e desenvolva as competencias.

Os procedementos de seguimento e avaliación a ter en conta e as propostas de mellora necesarias requiren da coordinación e o acordo entre o profesorado do centro implicado na área de Lingua Estranxeira. Neste caso son os seguintes:
- ao finalizar a explicación de contidos das Unidades Didácticas faremos mapas conceptuais ou esquemas que nos permitan repasar e mellorar a organización de ideas.
- usaremos as autoavaliacións e coavaliacións para detectar e resolver posibles dificultades.
- rexistraremos na ficha individual do alumnado aqueles aspectos que precisan reforzar e proporemoslles actividades adaptadas.
- abordaremos aqueles contidos que poidan resultar máis complexos cun enfoque integrador e interdisciplinar, de xeito que o alumnado poida establecer relacións e conexións entre as aprendizaxes.
- revisaremos periodicamente a programación para poder axustar e modificar aqueles aspectos que así o requiran ( temporalización, metodoloxía...)

## 9. Outros apartados